# ~ Infancia ~

Todos temos recordos da nosa infancia, todos nalgún momento desexamos volver a eses tempos nos que xogabamos no campo, ou xogabamos a esconderlle o seu axóuxere favorito ao máis pequecho...

Parece mentira que agora que imos grandeciños nos lembramos daqueles tempos... Agora estrañamos iso, e non entendemos como non o aproveitamos mellor, pero... daquela, só queriamos unha cousa, medrar.

Si señor si, medrar, e... agora está feito.

Agora a nosa infancia voou, como aquel primeiro papaventos que perdemos véndoo ir cara ó ceo como unha avelaíña vai cara a luz.

Pero non todo son lamentos, agora é o tempo doutros, e aínda que os tempos cambiaron, dá gusto ver aos nenos dando pinchacarneiros no parque e ensinarlles aos rapaces a voar un papaventos, e o máis importante, explicarlles con historias coma esta, que medrar é unha desas cousas que todos facemos e que chega ao seu tempo, que as cousas chegan sen meterlles présa.